



OBRADOIROS DE IMPROVISACIÓN ORAL ENREGUÉIFATE

Os obradoiros Enreguéifate enmárcanse dentro do proxecto homónimo promovido polos concellos de Ames, Carballo, Santiago de Compostela e Teo, co que se procura impulsar a improvisación oral en verso e contribuír a través dela á promoción do uso da lingua galega.

A finalidade destas accións formativas é que o alumando aprenda métodos de improvisación oral de xéneros galegos como a regueifa, ao tempo que se visualiza a rede de revitalización do repente en Galicia. Ademais, enfócanse cara á participación no certame Enreguéifate, que se desenvolve na primavera de 2018 e no que hai unha categoría específica para o ámbito escolar.

Obxectivos

- Fornecer de ferramentas discursivas a mocidade a través da improvisación oral co fin de afrontar distintas situacións cotiás desde a igualdade de xénero, o respecto pola diversidade e a axuda mutua.
- Visibilizar a importancia da lingua galega como vehículo en todas as fases da vida a través dunha aprendizaxe significativa.
- Proporcionar recursos musicais e soporte para o desenvolvemento do xénero de improvisación oral denominado regueifa.
- Mostrar a estrutura tradicional da regueifa e iniciar nos mecanismos de canto, versificación e escollos léxicas.
- Introducir o alumnado na importancia da linguaxe inclusiva.
- Detectar o machismo nas coplas tradicionais para propiciar un diálogo entre tradición e modernidade que leve a un cambio discursivo.
- Incentivar que o alumnado participe no certame Enreguéifate e dotalo de recursos para tal fin.

Habilidades

O coñecemento práctico da regueifa fomenta a capacidade de articulación dun discurso improvisado e amplía as aptitudes retóricas. Así mesmo, posibilita un diálogo que saca á luz, dun xeito horizontal, as desigualdades imperantes na sociedade.



A partir deste fío condutor desenvólvense tamén outras habilidades, como a capacidade de escoita e de atención ou o respecto á interlocutora ou interlocutor. En canto ao labor específico da regueifa na mocidade, esta eríxese como unha potente ferramenta para o desenvolvemento da autoconsciencia, da seguridade propia e da autoestima nunha etapa de conformación da identidade de cada persoa.

Metodoloxía

No desenvolvemento destas sesións partimos dos coñecementos previos do alumnado para propiciar unha aprendizaxe significativa, que vincule a súa realidade cos contidos que se pretenden introducir. O diálogo entre as persoas que guían o obradoiro e as que participan nel é constante, e procúrase unha interacción continua e o emprego de técnicas de traballo en grupo e de colaboración mutua. Esta actividade preséntase deseñada desde o fomento da liberdade discursiva e o diálogo, e dáselle azos ao alumnado para que sexa quen de se expresar en público, creando un ambiente de confianza e horizontalidade. Traballamos, pois, partindo da autorregulación grupal, da motivación e do reforzo positivo.

Contidos


- Técnica: rima, métrica, estrofa, melodía, campos semánticos e recursos léxicos
- A improvisación en Galicia. Xéneros
- Valores: igualdade de xénero, respecto pola diversidade, axuda mutua, etcétera
- O proxecto Regueifesta
- Bases de participación e aclaración de dúbidas sobre o certame Enregueífate

Duración

A duración de cada obradoiro é de 90 minutos, polo que se desenvolverá en dúas sesións seguidas de 45 minutos cada unha (dúas clases).

Participantes

Para garantir un desenvolvemento axeitado destas sesións, tomaremos como referencia 25 participantes. Este número pode variar se é o caso de que o grupo-aula estea integrado por algunhas persoas máis. En ningún caso poderá superar o medio cento.



Inicialmente diríxense a 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de ESO. Se houber profesorado interesado noutros niveis pode adaptarse.

Docentes

Alba María: cantora, compositora e regueifeira galega. Alén de realizar actuacións e ofrecer obradoiros, vaise asentando no eido da improvisación, é unha das poucas voces femininas e introduce novos temas coma o discurso de xénero na arte da regueifa. No 2017 publicou o seu primeiro libro, *Regueifa en Bergantiños*.

Josinho da Teixeira: un dos regueifeiros máis recoñecidos hoxe en día en Galicia que ten como características máis salientables a rapidez e o enxeño na produción, a teatralización e o humor acedo e retranqueiro. Dende hai varios anos percorre o país impartindo aulas e obradoiros de regueifa.

Lupe Blanco: trátase dunha das últimas incorporacións ao mundo do repente. Ademais de pandeireteira, é bisneta do gran regueifeiro Blanco de Muiñosesco e ten un timbre moi característico ao vello xeito de Bergantiños. No ano 2017, ademais de ofrecer numerosas actuacións e obradoiros, debutou no escenario do XX Certame Internacional de Regueifas de Valadares.

Inscripción

Para solicitar algún dos 20 obradoiros dispoñibles cómpre enviar un correo electrónico ao Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago <dlg@santiagodecompostela.gal> e indicar nel:

- Centro que o solicita
- Profesor ou profesora responsable do grupo (nome completo)
- Materia que imparte
- Teléfono de contacto
- Día e hora (exacta) en que solicita o(s) obradoiro(s) dentro das propostas no calendario
- Número de alumnos/as que formarán o grupo
- Curso



Se un centro solicita máis dun obradoiro, deberá procurar que cada dous coincidan no mesmo día.

O prazo para solicitar os obradoiros remata o 10 de marzo. Durante a semana posterior comunicaremos a asignación definitiva.

Calendario

		20 de marzo		22 de marzo		23 de marzo	
		primeiras horas	últimas horas	primeiras horas	últimas horas	primeiras horas	últimas horas
		3 de abril		5 de abril		6 de abril	
		primeiras horas	últimas horas	primeiras horas	últimas horas	primeiras horas	últimas horas
9 de abril		10 de abril		12 de abril		13 de abril	
primeiras horas	últimas horas	primeiras horas	últimas horas	primeiras horas	últimas horas	primeiras horas	últimas horas

Contacto

Departamento de Lingua Galega

dlg@santiagodecompostela.gal

981 542 409

